

## RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE AS CANTAREIRAS E A POESÍA POPULAR ORAL, AS HOMENAXEADAS O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025

### FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional convocaron un concurso para elaborar unha exposición sobre As cantareiras e a poesía popular oral, as homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025.
- 2 O obxecto deste certame foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre As cantareiras e a poesía popular oral e un caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomente o labor de investigación do alumnado sobre as homenaxeadas.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:  
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.  
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme a resolución do 21 de outubro de 2024 da Secretaría Xeral da Lingua, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se aproban as bases e se convoca o concurso para elaborar a exposición sobre As cantareiras e a poesía popular oral, as figuras homenaxeadas o Día das Letras Galegas 2025.



Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados de acordo coa base 11 da convocatoria,

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A a exposición ***As cantareiras e a poesía popular oral***, elaborada polo CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B a exposición ***Canta que cadramos ben***, do IES Castelao, de Vigo, que recibirá o premio establecido na base 4.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

